



SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO DE DATA ONCE ABRIL DO DOUS MIL DEZAOITO.

No Concello de Campo Lameiro o día once abril do dous mil dezaoito, ás catorce horas e baixo a Presidencia de D. Julio G. Sayáns Bugallo, Alcalde da Corporación, reúnen no salón de sesións da Casa Consistorial os señores concelleiros que se relacionan de seguido, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Concello Pleno convocada para este día.

Asistentes: PRESIDENTE: D. JULIO G. SAYÁNS BUGALLO

CONCELLEIROS/AS: Grupo Partido Popular:

D. CARLOS COSTA DOMÍNGUEZ

D. ALBERTO MAQUIEIRA FERNÁNDEZ

D^a M^a DE LAS NIEVES BOULLOSA FERRÍN

D^a SILVIA LAREDO QUINTEIRO

D. ANGEL GARCIA MAQUIEIRA

Grupo Partido Socialista Galicia – PSOE

D^a PAZ VIDAL FONTENLA

D. ADRIÁN VIDAL FONTENLA

Ausentes: D. JUAN CARLOS NOVEGIL BARROS (PSG-PSOE)

1.- APROBACIÓN ESTUDIO DE DETALLE PARA REAJUSTE ALINEACIÓN EN SAN MIGUEL

Incoado a iniciativa desta Alcaldía expediente de aprobación de estudio de detalle, e á vista do proxecto redactado polos servizos técnicos municipais, referente a rúa da Igrexa – lugar de San Miguel, para reaxuste de alineacións, que desenrola a normativa urbanística municipal vixente [instrumento de planeamento], o Pleno do Concello, visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos do Concello, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o estudio de detalle referente a rúa da Igrexa – lugar de San Miguel, para reaxuste de alineacións.

SEGUNDO. Someter a aprobación inicial a un período de información pública por prazo de un mes mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e mais nun dos diarios de maior difusión na provincia.

Durante o período de información pública, quedará o expediente a disposición de calquera persoa para o seu exame, aos efectos de que se presenten as alegacións e suxerencias que se consideren pertinentes.

TERCEIRO. Notificar individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados, outorgándolles un período de audiencia de DEZ días.

CUARTO. Suspende o outorgamento de licencias de parcelación de terreos, edificación e demolición no ámbito territorial afectado polo Estudio de Detalle, até a súa aprobación definitiva.

2.- EXPEDIENTES SOLICITUDE AXUDA POR FOMENTO NATALIDADE

Presentase a coñecemento do Pleno cinco solicitudes de natalidade presentadas no presente ano 2017.

Cumpren as solicitudes presentadas cos requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas por natalidade, polo que, de conformidade coa citada Ordenanza Reguladora, se presta conformidade á concesión de axudas, a favor dos/as seguintes solicitantes:

** Patricia Escudeiro Fraga e Andreas Pittalis Jubino, para a súa filla Claudia Pittalis Escudeiro.

** Antonio Silva Rico y M. Teresa García Blanco, para a súa filla Nerea Silva García.

**Dorotea Silva Fentanes e Luis Campos Martínez, para a súa filla Elsa Campos Silva.



****Vanessa Remiseiro Ameal e José Antonio Araujo Ferreiro, para o seu fillo Daniel Araujo Remiseiro.**

****Martina Ricoy Ferreiro e Andrés Romero Rey, para a súa filla Carlota Romero Ricoy.**

****Patricia García Pacheco, para o seu fillo.: Eric Borrajeiros García.**

****María Fontán André para o seu fillo.: Yoel Covelo Fontán.**

****Manuel Martinez Barros, para o seu fillo Noel Martinez Pazos.**

Vista a documentación presentada, e o cumprimento dos requisitos establecidos na ordenanza reguladora de Fomento da Natalidade, salvando o requisito de empadramento por período de dous anos para ambos membros da parella, imposible de xustificar para un membro nos casos de persoas residentes fora de campo Lameiro antes do nacemento do/a menor, que se acorda modificar, esixindo o empadramento por dous anos para un dos membros da parella cando o outro membro tivera residencia fóra de Campo Lameiro, o Pleno do Concello por unanimidade acorda:

PRIMEIRO:

CONCEDER subvención por importe de 250 euros correspondentes á anualidade 2018, a favor das seguintes solicitudes:

**** Patricia Escudeiro Fraga e Andreas Pittalis Jubino, para a súa filla Claudia Pittalis Escudeiro.**

**** Antonio Silva Ricoy e M. Teresa Garcia Blanco, para a súa filla Nerea Silva García.**

****Dorotea Silva Fentanes e Luis Campos Martínez, para a súa filla Elsa Campos Silva.**

****Vanessa Remiseiro Ameal e José Antonio Araujo Ferreiro, para o seu fillo Daniel Araujo Remiseiro.**

****Martina Ricoy Ferreiro e Andres Romero Rey, para a súa filla Carlota Romero Ricoy.**

****Patricia García Pacheco, para o seu fillo.: Eric Borrajeiros García.**

****María Fontán André para o seu fillo.: Yoel Covelo Fontán.**

****Manuel Martinez Barros, para o seu fillo Noel Martinez Pazos.**

SEGUNDO.

Notificar este acordo aos/ás interesados/as.

3.- PRÓRROGA SERVIZO SALA TANATORIO.

Se informa polo Sr. Alcalde do acordo adoptado en sesión da Xunta de Goberno de data 15 de xaneiro de 2018 polo que se aproba, a petición da empresa Funeraria y Tanatorio Peña, representada por D. Javier Peña Gaiteiro, a prórroga do servizo que tiña adxudicado por este Concello de xestión da Sala Velatorio Municipal, mediante acordo da xunta de Goberno de data 13 de xaneiro de 2016.

Se informa que o servizo se está a prestar en mellores condicións persoais e materiais respecto da anterior concesionaria, existindo entre a poboación maior satisfacción do mesmo.

Que ante esas circunstancias, e que na data de remate da concesión non se tiña previsto a nova licitación do servizo, se adoptou acordo por parte da Xunta de Goberno no sentido de prorrogar, por única vez e prazo de dous anos a xestión do servizo da Sala Velatorio de Campo Lameiro coa empresa Funeraria e Tanatorio Peña de San Xurxo de Sacos.

Dáse conta do informe favorable emitido pola Comisión de Contas e Patrimonio deste Concello. E o Pleno do Concello, por unanimidade, acorda ratificar o acordo adoptado en sesión da Xunta de Goberno de data 15 de xaneiro de 2018, prorrogando por prazo de dous anos o contrato de xestión de servizo adxudicado á empresa Funeraria y Tanatorio Peña, de San Xurxo de Sacos, para a xestión da Sala Velatorio de Campo Lameiro, nas mesmas condicións inicialmente acordadas.

Ase mesmo se acorda notificar este acordo á empresa Funeraria y Tanatorio Peña, representada por D. Javier Peña Gaiteiro.



CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO

Praza Pontevedra, 1 - 36110 Campo Lameiro

Tlf.: 986 75 20 34 - Fax: 986 75 20 84

alcaldia@campolameiro.com

oficinas@campolameiro.com

www.campolameiro.com

4.- RENUNCIA DE D. JUAN CARLOS NOVEGIL BARROS AO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO.

«Visto que neste Concello tivo entrada o escrito de Juan Carlos Novegil Barros, Concelleiro do Concello o día 12.04.2018. No mesmo formalizábase a renuncia voluntaria ao cargo que ocupa neste Concello desde que tomou posesión do cargo de Concelleiro o día 13.06.2015, tras as eleccións de de maio de 2015. A renuncia ao cargo non será efectiva até o seu sometemento ao Pleno do Concello, é dicir, até a data de hoxe.

Visto o Informe de Secretaría de data 09.04.2018 e de conformidade co disposto nos artigos 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, e 182 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, o Pleno a proposta da Comisión Informativa de Asuntos do Concello, adopta por unanimidade seguinte ACORDO.:

PRIMEIRO. Tomar coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro do Concello que realiza Juan Carlos Novegil Barros.

SEGUNDO. Comunicar este Acordo á Xunta Electoral para que remita esta as credenciais de D^a Beatriz Torres Chantero, seguinte na lista dos que concorreron ás últimas eleccións municipais, para que poida tomar posesión do seu cargo».

E non habendo mais se levanta a sesión ás 14:14 horas.

A secretaria

Vº e Prace:

- O Alcalde